

Promoción do

# COMERCIO 2018

## Local

Estimada/o comerciante:

Desde a concellería de Comercio do Concello de Soutomaior, un ano máis estamos a organizar a campaña de Nadal de promoción do comercio local que consistirá no seguinte.


Repartiremos entre os establecementos que así o desexen unhas papeletas que terán que ser cubertas polos clientes co seu nome e apelidos, número de DNI e teléfono, en cada compra. Posteriormente farase un sorteo público entre todas as papeletas recibidas, e ás agraciadas faráselle entrega dun cheque regalo de 50 euros que poderá ser trocado en calquera comercio local que participase nesta campaña.

Dita entrega farase nun acto público no que os cheques terán que ser recollidos persoalmente pola/o agraciada/o.

Repartiranse 100 cheques de 50 euros, que terán que ser gastados nos establecementos locais, co cal estamos a promocionar o noso comercio ao mesmo tempo que eses 5.000 euros quedarán nos nosos negocios.

Se estás interesada/o en participar na campaña, rogo cumprimentes a ficha adxunta e entréguela en calquera oficina do Concello (Omix, biblioteca, Concello), antes do 24 de Novembro para poder entregarche o material necesario.

Sen outro particular e esperando contar coa túa participación recibe un cordial saúdo.



**Agustín Reguera Ocampo**  
Alcalde de Soutomaior



**Cristina González Piedras**  
Concelleira de Comercio



Concello Soutomaior